

PROXECTO CANTATA: AS RUTAS AGROALIMENTARIAS.
SÍNTESE DO PROXECTO



PROXECTO CANTATA: As Rutas Agroalimentarias

A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia participa, xunto a outros socios europeos, no proxecto CANTATA, cofinanciado pola Iniciativa Comunitaria Interreg III B Espazo Atlántico, e que se está a levar a cabo en tres comarcas galegas: A Ulloa, O Eume e O Ribeiro.

Este proxecto ten como finalidade principal complementar o desenvolvemento comarcal sostible, definindo e poñendo en marcha un modelo turístico que favoreza a diversificación económica, identificando produtos turísticos baseados na cultura e nos recursos da zona e que supoñan “experiencias xenuínas” para o visitante. Dentro deste marco de actuación, a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia está a levar a cabo diferentes accións para contribuír á materialización dun produto turístico autóctono, entre eles o deseño, creación e posta en marcha dunha Ruta agroalimentaria en cada unha das Comarcas de referencia.

Defínese a Ruta agroalimentaria como un itinerario que permite coñecer e gozar, de forma organizada, do proceso produtivo agropecuario e industrial e da degustación da cociña local. Con este obxectivo, as Rutas Agroalimentarias do Eume, A Ulloa e O Ribeiro organizáronse en torno aos produtos agroalimentarios máis representativos de cada Comarca, configurando unha imaxe de marca común baseada na imaxe, tradicións e valores simbólicos destes territorios

Así entendida, a Ruta agroalimentaria supón a creación dunha marca identificadora, unha estratexia de calidade e unha organización dos axentes que a compoñen, permitindo crear un espazo de cooperación para as empresas das Comarcas e unha garantía de sostibilidade das actividades agroalimentarias e turísticas comarcais.


Desde o punto de vista da oferta, integrar os servizos turísticos de interese existentes nunha Ruta agroalimentaria tradúcese en crear una rede de cooperación empresarial e de cooperación público - privada na que participan empresas de actividades agroalimentarias (actividades produtivas, industriais, comerciais...) xunto a empresas de

actividades turísticas (aloxamento, restauración, empresas de actividades complementarias, etcétera). Por outra banda, desde o punto de vista da demanda, a pertenza á Ruta agroalimentaria ofrece certas garantías de calidade de servizo que asegura a satisfacción do cliente, garantindo así vantaxes mutuas para todos os entes que interactúan no mercado turístico.

Nas Rutas agroalimentarias do Eume, A Ulloa e O Ribeiro danse cita actividades, organizacións do territorio e establecementos de diverso tipo que engloban a todos os elementos da cadea produtiva e comercial dos produtos propios de cada Comarca, co obxectivo levar a cabo accións en común baixo unha política definida, como poñer ao alcance dos usuarios produtos e servizos, realizar unha promoción integrada e contribuír á mellora do coñecemento e comercialización dos produtos e o territorio.

Definición e desenvolvemento das Rutas Agroalimentarias do Eume, A Ulloa e O Ribeiro: Plan de Acción

O programa de traballo levado a cabo durante a consultoría e asistencia á “Definición e Desenvolvemento das Rutas Agroalimentarias” respostou ó seguinte esquema:



Fase 1: Deseño

1.1. Conceptualización do produto e temática das Rutas.

A primeira actuación levada a cabo no proxecto consistiu na realización dunha busca sobre os produtos das comarcas a través dos cales se deberían articular as Rutas, tanto mediante a consulta de fontes secundarias (información elaborada) como mediante o contacto cos entes locais dos tres territorios involucrados no Proxecto (Fundacións Comarcais da Ulloa, O Ribeiro e O Eume, Consello Regulador da D.O. Arzúa-Ulloa e O Ribeiro e Taller Agroalimentario do Eume).

O seguinte cadro recolle os produtos escollidos como máis representativos dos territorios e incluídos nas Rutas en cada comarca:

COMARCA DO EUME	COMARCA DA ULLOA	COMARCA DO RIBEIRO
Produtos agroalimentarios da Ruta <ul style="list-style-type: none">▪ Mel▪ Produtos silvícolas: pequenos froitos silvestres, cogomelos.▪ Produtos de horta e froiteiras.▪ Grelos (Monfero).▪ Requeixo, queixo fresco e queixo do país (A Capela).▪ Costrada e empanada.▪ Doces (melindres, amendoados, tarta Pontedeume, mantecadas, etc.).	Produtos agroalimentarios da Ruta <ul style="list-style-type: none">▪ Queixo▪ Pan de Antas.▪ logur (Palas de Rei).▪ Castañas, setas, framboesas, fresas do bosque e espárragos (Monterroso).▪ Plantas medicinais e aromáticas (Palas de Rei).▪ Troitas.▪ Caza.▪ Bovinos, porcinos e avícolas.	Produtos agroalimentarios da Ruta <ul style="list-style-type: none">▪ Viño▪ Pementos (Arnoia).▪ Bovinos, porcinos e avícolas.▪ Repostería tradicional: doces hebreos, rosquillas, melindres (Ribadavia).▪ Anguía de río (Castrelo de Miño).▪ Produtos da horta: Xudías, Tomate, Leituga, Coliflor.

1.2. Tipoloxía de actividades.

Determinouse que a tipoloxía de empresas susceptibles de adherirse ás Rutas agroalimentarias fose a seguinte:

- Empresas de actividades agroalimentarias: empresas de toda a cadea produtiva, incluíndo:
 - Empresas de produción agropecuaria/recolección/cotos de caza ou pesca
 - Empresas transformadoras (agroindustria e/ou actividades artesanais)
 - Pequeno comercio (establecementos de venda de produtos alimentarios)

- Empresas do sector turístico:
 - Aloxamentos
 - Hostalería e restauración
 - Empresas de actividades complementarias (guías turísticos, empresas de tempo libre, turismo deportivo...)
 - Empresas comercializadoras (Touroperadores e Axencias de viaxes)

Realizouse unha base de datos de empresas de cada unha destas tipoloxías nas tres Comarcas, elaborándose un listado cos datos de contacto de cada establecemento para o posterior contacto para a adhesión ás Rutas agroalimentarias.



Fase 2: Definición.

2.1. Deseño do Manual de produto Rutas Agroalimentarias.

Definíronse os diferentes puntos do Manual de produto Rutas Agroalimentarias, documento destinado a servir de guía para a implantación e funcionamento do produto, e que se expoñen de xeito resumido nos apartados seguintes do presente documento segundo a orde que se seguiu para o seu deseño.

O índice de contidos deste Manual de produto das rutas agroalimentarias é o seguinte:

1. Principios de actuación
2. Obxectivos
 - a. Obxectivos xerais
 - b. Obxectivos operativos
3. Ámbito de actuación
4. Caracterización do turista obxectivo
5. Caracterización da oferta “rural “ de calidade
6. Análise DAFO das Rutas agroalimentarias
7. Xestión do proxecto
 - a. Identificación do ente xestor
 - b. Protocolo de actuación: organización e procedementos de adhesión á Ruta agroalimentaria
8. Requisitos comúns para os establecementos
 - a. Requisitos e boas prácticas para cada tipoloxía se empresas
 - b. Información do produto e a súa historia
 - c. Cuestionarios de autoavaliación para a validación do cumprimento dos requisitos establecidos para cada tipo de establecemento
9. Comercialización
 - a. Imaxe corporativa do proxecto: logo e lema
 - b. Instrumentos de comunicación
 - c. Central de reservas

- d. Creación de paquetes
- e. Outras estratexias de promoción da Ruta

10. Consideracións finais

2.2. Definición dos requisitos mínimos, requisitos complementarios e boas prácticas na prestación do servizo.

Definíronse unha serie de requisitos e recomendacións para cada tipoloxía de empresas das rutas agroalimentarias, que axuden a garantir o cumprimento duns niveis axeitados de calidade no produto turístico creado, e que se agrupan nas seguintes categorías:

1. **Requisitos mínimos.** Son de obrigado cumprimento polas empresas adheridas á Ruta e o seu obxectivo é o de garantir un nivel de calidade homoxéneo en todo o itinerario.
2. **Requisitos complementarios.** As empresas pódenos cumprir de forma voluntaria, inda que é aconsellable o seu seguimento por axudar a ofrecer un valor engadido ao produto.
3. **Boas prácticas na prestación do servizo.** Son unha serie de recomendacións que poden ser levadas a cabo polas empresas de forma voluntaria. O seu cumprimento, xunto cos requisitos obrigatorios e complementarios, axudan a dar continuidade a un produto de calidade.

Estes requisitos e boas prácticas refírense aos seguintes ámbitos da empresa:

- Empresa
- Instalacións
- Produtos e servizos
- Persoal

2.3. Definición de aspectos relativos ao funcionamento da ruta

Co fin de garantir uns niveis de calidade homoxéneos no produto turístico Rutas Agroalimentarias, estableceuse que as empresas do sector turístico e agroalimentario susceptibles de adherirse ao proxecto e que desexen de forma voluntaria participar nel deberán:

- Cumprir cos requisitos mínimos esixidos.
- Unha vez validados os requisitos por parte do ente xestor do proxecto, asinar un compromiso de adhesión á Ruta Agroalimentaria.

O compromiso de adhesión ao proxecto ten como obxectivo que as empresas, que manifestan o seu interese en incorporarse ao produto Rutas Agroalimentarias, reafirmen e deixen constancia da súa vinculación a este produto turístico, comprometéndose a:

- Cumprir coa normativa vixente reguladora das materias que afectan ao correcto desenvolvemento da súa actividade.
- Cumprir cos criterios e normas de calidade establecidas no Manual de Produto das Rutas Agroalimentarias.
- Colaborar e participar nas actuacións e actividades levadas a cabo co fin de garantir a mellora do produto e o correcto desenvolvemento da Ruta Agroalimentaria.

2.4. Definición dos entes xestores das Rutas

Para dar impulso e continuidade ao produto deseñado, no Manual de Produto das Rutas Agroalimentarias recóllese unha proposta da entidade xestora dentro do propio territorio no que se desenvolve o itinerario.

Así, determináronse as seguintes fórmulas organizativas en cada unha das tres Comarcas:

COMARCA	PROPOSTA DE ENTE XESTOR
Comarca do Eume	Non se recomenda a creación de ningún organismo de xestión turística a través do Proxecto Cantata diferente aos que xa existen no territorio, establecéndose como a mellor opción a colaboración e cooperación dos dous entes que teñen competencias en materia turística na Comarca, O GAL Euroeume e o CIT Eumeturismo, feito que se considera se logrará coa aprobación do futuro Plan director do turismo para a Comarca.
Comarca da Ulloa	Recoméndase a creación dun ente xestor turístico para toda a comarca da Ulloa, por considerar que o territorio conta con recursos suficientes como para converterse nun destino turístico destacado en Galicia. Este ente encargaríase de coordinar aos axentes privados do sector e de realizar as tarefas básicas de promoción e comercialización, coordinándose coas administracións públicas e con outros entes que traballan no territorio. Establécese que a fórmula xurídica máis conveniente para este ente xestor é a dunha asociación de iniciativa privada, é dicir, un Centro de Iniciativas Turísticas.
Comarca do Ribeiro	Non se recomenda a creación dun ente xestor específico para este proxecto, senón que se encomende a xestión e planificación do turismo no territorio ao futuro ente xestor da Ruta do Viño do Ribeiro, que está en proceso de constitución baixo a forma de asociación sen ánimo de lucro, sempre e cando “se teña unha visión ampla por parte de todas as entidades implicadas de maneira que se permita e se favoreza a asociación ao mesmo de persoas, empresas e asociacións relacionadas co ámbito turístico de calquera tipo”.

Fase 3: Configuración.

3.1 Captación e adhesión de empresas

Unha vez definidos os requisitos de adhesión e funcionamento das rutas agroalimentarias, púxose en práctica un programa de captación e adhesión de empresas, que se baseou nas seguintes tipos de actuacións:

a) Deseño de todo o material informativo e formal do proxecto

Cartas informativas, modelos de compromisos de adhesión, fichas para a inclusión das empresas no monográfico promocional das rutas, material para as xornadas informativas e de difusión, etc.

b) Envío de cartas informativas.

Envío de cartas a todas as empresas susceptibles de adhesión ás rutas agroalimentarias nas tres comarcas nas que se lles explicaba en que consiste a implantación e o desenvolvemento das Rutas Agroalimentarias, e se lles emprazaba á primeira reunión do proxecto, para informar mais en profundidade do mesmo.

c) Contacto telefónico.

Contacto telefónico coas empresas e entidades para validar o seu interese, recordarlles o lugar, data e hora das reunións e solicitar confirmación de asistencia.

Unha vez postas en marcha estas actuacións, e finalizado o prazo de adhesión ao proxecto, as empresas vinculadas a cada unha das rutas Agroalimentarias en cada Comarcas CANTATA son as seguintes:

COMARCA DO EUME					
EMPRESA	ENDEREZO	TFNO.	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	ACTIVIDADE
Agroalimentaria do Eume	Breanca, 4 - Chaos de Doroña Vilarmaior	981 784 495	981 440 668	agroalimentaria@euroeme.org	Agroalimentación
Aga-Eume	Casa do Mel - Goente 15325 As Pontes	661 003 616		casadomel@vodadone.es	Apícola
AA.VV. Monte Forgoselo	Sande, 20 15613 A Capela	616 080 628			Explotación gandeira
Arela	Urb. Olmo, 4 - baixo esq. 15614 Pontedeume	981 431 722 692 700 305		arelacultivos@yahoo.es	Cultivo e transformación de pequenos froitos
Artesanía Pontesa do Mantecado	Avda. Galicia, 77 15320 As Pontes	981450781			Repostería
Casa Pousadoira	Lugar Pousadoira - Callobre 15635 Miño	981 195 118	981 798 416	info@casapousadoira.com	Turismo Rural / Explotación Agrícola
Casa Piñeiro	O Regueiro - San Felix, 1 15315 Monfero	665 921 012			Turismo Rural
Casa Lourán	Restrebas, 2 - Val Xestoso 15315 Monfero	981 195 478	981 195 730		Turismo Rural
Casa de Graña da Acea	Acea 4 San Fiz - 15619 Monfero	981 788 282	981 788 282	casarural@granhadacea.com	Turismo Rural
Hotel Rural O Prioral	Graña, 3 - Callobre 15630 Miño	981 777 800	981 777 867	oprioral@oprioral.com	Turismo Rural
Rodeo da Casa	Reto - Val Xestoso 15315 Monfero	676 132 166	981 298 119	rodeodacasa@yahoo.es	Turismo Rural
Alvarella	Lugar de Breanca, s/n	981 784 563	981 784 563	info@alvarella.com	Turismo e actividades de educación ambiental
Cantina Río Covés	Esteiro, 9 - A Nogueirosa 15600 Pontedeume	981 434 057	981 434 057	cantina@riocoves.com	Hostalería
O Muño de Trigo	R/ Modias S. Martín do Porto - Cabañas	981 432 185		jcon1969lour@yahoo.es	Hostalería
Casa Garabana	Pq. Doroña - Lg. dos Chaos 15637 Vilarmaior	981 784 006		casagarabana1@hotmail.com	Hostalería
La Solana	Paseo da Magdalena, 2 - baixo 15621 Cabanas	981 430 960			Hostalería
Andarubel	Ctera. Ombre - Caaveiro 15600 Pontedeume	981 433 969		andarubel@eumeturismo.org	Hostalería
Escola de Equitación Vilarmaior	Breanca, 6 - Doroña 15637 Vilarmaior	646 673 489			Servizos turísticos (escola equitación / rotas guiadas)
Club Náutico Firrete	Apartado de Correos 13 15600 Pontedeume	605 236 646		oscarct@tiscali.es	Turismo Activo
Roteiros	Estrada Xeral, 125 -4 A 15330 Ortigueira	655402122	981422240	loliroteiros@gmail.com	Guía de natureza
Asociación de Caza e Pesca Venatoria das Pontes	Alexandre Bóveda, s/n Apto. Correos 121	600 443 414 600 443 413		avenatoriaaspontes@hotmail.com	Deportiva
Galilandia	O Casal, nº 3 - Vilachá 15619 Monfero	616 117 939	981 193 904	mjose.ramos@galilandia.com	Servizos turísticos
Asociación Euroeume	R/ Capela, 21 15320 As Pontes	981 440 729	981 440 668	info@euroeume.org	Desenvolvemento local

COMARCA DA ULLOA					
EMPRESA	ENDEREZO	TFNO.	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	ACTIVIDADE
Diqueixa	Olveda, 3 27579 Antas de Ulla	982 153 223			Elaboración de queixo
Arqueixal	Albá 27207 Palas de Rei	982 380 251	982 380 251	info@arqueixal.es	Elaboración de queixo
A Cernada	A Cernada - Augasantas 27205 Palas de Rei	982 173 057			Elaboración de iogurt
Granxa Maruxa	Cumbras, 1 27215 Monterroso	982 377 049		granjamaruxa@hotmail.com	Agraria
Fungocerga S.A.T.	Marín - Xubial 15800 Melide	629 383 741			Producción e comercialización de produtos agrícolas
Milhulloa S. Coop. Galega	Lugar do Coto, 1 27204 Palas de Rei	646 569 126		milhulloa@hotmail.com	Agricultura ecolóxica. Plantas medicinais deshidratadas
Lugar de María Mercedes	Barreiro, 8 27570 Antas de Ulla	626283471 661846839	982379042	lugardemariamercedes@yahoo.es	Turismo Rural / Cultivo de espárragos
Pazo Mariñao	Meixide 27204 Palas de Rei	982 380 302	982 380 302		Turismo Rural
A Parada das Bestas	Pidre, 27 27207 Palas de Rei	982 183 614	982 163 926	info@aparadadasbestas.com	Turismo Rural
Casa Rectoral de Lestedo	Lestedo 27216 Palas de Rei	982 153 435	982 153 033	casarectorallestedo@yahoo.es	Turismo Rural
Casa Blanco	Lugar de Sambreixo 27203 Palas de Rei	982 163 294	982 183 880	info@casablancoterraulloa.com	Turismo Rural
Casa da Ponte	Ferreira s/n 27200 Palas de Rei	982183077			Turismo Rural
Campos de Vilance	Santa Lucía, 8 27560 Monterroso	982 377 628		irenemi@saludalia.com	Turismo Rural
La Cabaña	Doutor Pardo Ouro, 4 27200 Palas de Rei	982 380 750	982 374 171	complejolacabana@complejolacabana.com	Hostalería
Albergue Turístico A Bolboreta	Vilar de Remonde 27200 Palas de Re	609124717		montse@abolboreta.com	Albergue Turístico
Camping A Peneda	Avda. Playa, s/n Monterroso	982 377 501	982 377 501		Xestión de instalacións deportivas, ocio e turismo

COMARCA DO RIBEIRO					
EMPRESA	ENDEREZO	TFNO.	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	ACTIVIDADE
Adega Sameirás	Santo André, 98 32415 Ribadavia	988 491 812	988 470 591	sameiras@terra.es	Elaboración de viño
Adega Pousadoiro	Capela - Barral 32430 Castrelo de Miño	667 568 029		pousadoiro@gmail.com	Colleiteiro
Alecrín	Praza Cruz, 2 32454 Cenlle	670 522 346	988 471 566		Agrícola / Elaboración de viño
Tafona de Herminia	Travesía Puerta Nueva, 2 32400 Ribadavia	988 471 004			Elaboración de doces xudeos
Arco da Vella A Adega de Eladio	Praza de España, 1	607 487 060 986 376 676	988 376 800	bodega@ bodegaeladio.com	Bodega
Caldaria Hoteles y Balnearios	Ctra. Nacional 120 km 585,8 32459 Lais - Cenlle	988 280 409	988 280 415	reservas@caldaria.es	Hoteis e Balnearios
Casa Grande do Ribeiro	Esposende 32456 Cenlle	988 404 037	988 406 037		Turismo Rural
Autna	Avda. Rebullón 86-E 3416 Mos	986 28 80 30	986 28 89 06	autna@autna.com	Transporte viaxeiros (catamarán)
Oficina de Turismo de Ribadavia	Praza Maior, 7 32400 Ribadavia	988 471 275	988 471 275	turismo@ribadavia.es	Información turística
Turmais	Praza San Juan, 6 32400 Ribadavia	988 471 846 677 494 760		turmaissl@gmail.com	Servizos de turismo e comercio

3.2. Definición do itinerario, formalización e organización das rutas

Realizáronse diferentes reunións cos empresarios e entes locais do territorio para artellar as Rutas Agroalimentarias en cada unha das tres comarcas CANTATA. O obxectivo era adoptar decisións en común entre todos os participantes que garantiran o éxito do proxecto.

Os seguintes cadros resumen os temas tratados nas diferentes reunións, así como os compromisos acordados nelas:

COMARCA DO EUME - REUNIÓN 16 MAIO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Explicación xeral do Proxecto Cantata2. Explicación xeral do proxecto Rutas agroalimentarias.3. Valoración das posibilidades de artellamento e organización deste produto, en especial por parte das empresas de industria agroalimentaria (forma de organizar as visitas: visitas concertadas e/ou horarios, etcétera)4. Valoración da posibilidade de poñer en marcha unha oferta conxunta a través da configuración de paquetes turísticos5. Fixación da seguinte reunión
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.:<ol style="list-style-type: none">1.1. Deseñar posibles paquetes de actividades para a ruta agroalimentaria, de cara á súa validación e discusión por parte de todos os asistentes na vindeira reunión.1.2. Enviar os requisitos mínimos establecidos para cada tipoloxía de empresas a aqueles participantes que dispoñen de correo electrónico, e proporcionarlos na seguinte reunión ó resto.1.3. Contactar previamente á definición dos paquetes coas empresas agroalimentarias para coñecer a forma en que cada unha estaría disposta a organizar as visitas.2. Por parte dos asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Asinar e entregar o Compromiso de adhesión ao proxecto, ben a través do correo electrónico ou fax, ou ben na seguinte reunión.2.2. Asistir á seguinte reunión para debater e consensuar os paquetes turísticos deseñados.3. Fixación da seguinte reunión para o día 28 de maio de 2007

COMARCA DO EUME - REUNIÓN 28 MAIO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Entrega dos Compromisos de adhesión por parte das empresas.2. Entrega dos Requisitos de adhesión ás empresas3. Entrega da Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta.4. Confirmar cos participantes a posibilidade de dispoñer de fotografías das súas empresas para o Monográfico da Ruta.5. Paquetes turísticos (fichas paquetes)<ol style="list-style-type: none">5.1. Validación polos participantes dos itinerarios propostos e dos tipos de paquetes a comercializar (programas de actividades de cada Ruta)5.2. Localización de provedores: reparto de cada tipo de servizo entre as empresas participantes, e localización doutras empresas colaboradoras para a prestación de servizos adicionais (transporte, etc.)5.3. Establecemento das condicións e prezos6. Posibilidade de fixar outra reunión: semana do 4 ó 8 de xuño (paquetes definitivos)
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.<ol style="list-style-type: none">1.1. Participar nas próximas reunións que organice a Agrupación Agroalimentaria do Eume e a Asociación de Empresarios Turísticos do Eume para intentar configurar un paquete turístico.2. Por parte das organizacións asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Asociación de Empresarios Turísticos do Eume: Lola Padín, técnico da asociación, comprométese a informar a todos os socios do estado do proxecto para tentar involucralos no artellamento dos paquetes e de informar aos técnicos de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L. da vindeira xuntanza, a fin de que estes acudan a traballar cos empresarios reunidos sobre os paquetes.2.2. Taller Agroalimentario do Eume: Anxo Lorenzo, técnico da agrupación, comprométese a informar aos seus asociados do estado do proxecto, así como a ver a posibilidade de establecer unha reunión para a determinación de prezos e condicións conxuntas para a prestación dos servizos, inda que manifesta a dificultade existente.3. Por parte das empresas asistentes:<ol style="list-style-type: none">3.1. Asinar e entregar o Compromiso de adhesión ao proxecto.3.2. Enviar a Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta.

COMARCA DA ULLOA - REUNIÓN 9 MAIO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Explicación xeral do Proxecto Cantata2. Explicación xeral do proxecto Rutas agroalimentarias.3. Valoración das posibilidades de artellamento e organización deste produto, en especial por parte das empresas de industria agroalimentaria (forma de organizar as visitas: visitas concertadas e/ou horarios, etcétera)4. Valoración da posibilidade de poñer en marcha unha oferta conxunta a través da configuración de paquetes turísticos5. Fixación da seguinte reunión
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.:<ol style="list-style-type: none">1.1. Deseñar posibles paquetes de actividades para a ruta agroalimentaria, de cara á súa validación e discusión por parte de todos os asistentes na vindeira reunión.1.2. Enviar os requisitos mínimos establecidos para cada tipoloxía de empresas a aqueles participantes que dispoñen de correo electrónico, e proporcionarllos na seguinte reunión ó resto.1.3. Contactar previamente á definición dos paquetes coas empresas agroalimentarias para coñecer a forma en que cada unha estaría disposta a organizar as visitas.2. Por parte dos asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Asinar e entregar o Compromiso de adhesión ao proxecto, ben a través do correo electrónico ou fax, ou ben na seguinte reunión.2.2. Asistir á seguinte reunión para debater e consensuar os paquetes turísticos deseñados.3. Fixación da seguinte reunión para o día 30 de maio de 2007

COMARCA DA ULLOA - REUNIÓN 30 MAIO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Entrega dos Compromisos de adhesión por parte das empresas.2. Entrega dos Requisitos de adhesión ás empresas3. Entrega da Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta.4. Confirmar cos participantes a posibilidade de dispoñer de fotografías das súas empresas para o Monográfico da Ruta.5. Paquetes turísticos (fichas paquetes)<ol style="list-style-type: none">5.1. Validación polos participantes dos itinerarios propostos e dos tipos de paquetes a comercializar (programas de actividades de cada Ruta)5.2. Localización de provedores: reparto de cada tipo de servizo entre as empresas participantes, e localización doutras empresas colaboradoras para a prestación de servizos adicionais (transporte, etc.)5.3. Establecemento das condicións e prezos6. Posibilidade de fixar outra reunión: semana do 4 ó 8 de xuño (definición dos paquetes definitivos)
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.<ol style="list-style-type: none">1.1. Deseñar paquetes individuais1.2. Deseñar os novos paquetes turísticos cos prezos establecidos para consensuar na seguinte reunión.<ol style="list-style-type: none">1.3. Intentar contactar con empresas de servizos turísticos que estean interesadas en coordinar a estancia dos clientes, e informarse sobre os prezos e condicións requiridas.1.4. Proporcionar diferentes contactos de touroperadores, se finalmente conseguen configurar un paquete turístico, para facilitar así a súa comercialización.2. Por parte dos asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Asinar e entregar o Compromiso de adhesión ao proxecto, ben a través do correo electrónico ou fax antes da data sinalada (8 de Xuño).2.2. Enviar a Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta antes da data sinalada.2.3. Asistir á seguinte reunión para debater e consensuar os paquetes turísticos definitivos.3. Fixación da seguinte reunión para o xoves 7 de xuño

COMARCA DA ULLOA - REUNIÓN 7 XUÑO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Entrega dos Compromisos de adhesión por parte das empresas.2. Entrega da Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta.3. Paquetes turísticos:<ol style="list-style-type: none">3.1. Informar ós participantes dos contactos con empresas de transporte e de servizos turísticos que están interesadas en coordinar a estancia dos clientes, así como dos prezos que ofertan e das condicións.3.2. Establecemento das condicións e prezos definitivos
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.<ol style="list-style-type: none">1.1. Reenviar os listados das empresas adheridas, coa especificación dos servizos e prezos, aos asistentes para fomentar a negociación entre eles e o artellamento de paquetes individuais.1.2. Proporcionar diferentes contactos de touroperadores, se finalmente conseguen configurar un paquete turístico, para facilitar así a súa comercialización.2. Por parte dos asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Intentar encontrar unha empresa de transportes que oferte unha tarifa máis económica ca actual para abaratar o prezo do paquete.2.2. Realizar a busca dunha empresa / persoa da Comarca disposta a realizar as labores de guía acompañante durante a estancia do grupo.2.3. Manter a comunicación entre as empresas verdadeiramente implicadas e interesadas no proxecto para intentar articular unha oferta conxunta.

COMARCADO RIBEIRO- REUNIÓN 8 MAIO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Explicación xeral do Proxecto Cantata2. Explicación xeral do proxecto Rutas agroalimentarias.3. Valoración das posibilidades de artellamento e organización deste produto, en especial por parte das empresas de industria agroalimentaria (forma de organizar as visitas: visitas concertadas e/ou horarios, etcétera)4. Valoración da posibilidade de poñer en marcha unha oferta conxunta a través da configuración de paquetes turísticos5. Fixación da seguinte reunión
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.:<ol style="list-style-type: none">1.1. Deseñar posibles paquetes de actividades para a ruta agroalimentaria, de cara á súa validación e discusión por parte de todos os asistentes na vindeira reunión.1.2. Enviar os requisitos mínimos establecidos para cada tipoloxía de empresas a aqueles participantes que dispoñen de correo electrónico, e proporcionarllos na seguinte reunión ó resto.1.3. Contactar previamente á definición dos paquetes coas empresas agroalimentarias para coñecer a forma en que cada unha estaría disposta a organizar as visitas.2. Por parte dos asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Asinar e entregar o Compromiso de adhesión ao proxecto, ben a través do correo electrónico ou fax, ou ben na seguinte reunión.2.2. Asistir á seguinte reunión para debater e consensuar os paquetes turísticos deseñados.3. Fixación da seguinte reunión para o día 29 de maio de 2007

COMARCADO RIBEIRO- REUNIÓN 29 MAIO 2007

Orde do día	<ol style="list-style-type: none">1. Entrega dos Compromisos de adhesión por parte das empresas.2. Entrega dos Requisitos de adhesión ás empresas3. Entrega da Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta.4. Confirmar cos participantes a posibilidade de dispoñer de fotografías das súas empresas para o Monográfico da Ruta.5. Paquetes turísticos (fichas paquetes)<ol style="list-style-type: none">5.1. Validación polos participantes dos itinerarios propostos e dos tipos de paquetes a comercializar (programas de actividades de cada Ruta)5.2. Localización de provedores: reparto de cada tipo de servizo entre as empresas participantes, e localización doutras empresas colaboradoras para a prestación de servizos adicionais (transporte, etc.)5.3. Establecemento das condicións e prezos6. Posibilidade de fixar outra reunión: semana do 4 ó 8 de xuño (paquetes definitivos)
Compromisos acadados	<ol style="list-style-type: none">1. Por parte de Proxectos, Consultoría e Formación, S.L.<ol style="list-style-type: none">1.1. Reenviar os listados das empresas adheridas, coa especificación dos servizos e prezos, aos asistentes para fomentar a negociación entre eles e o artellamento de paquetes individuais.2. Por parte dos asistentes:<ol style="list-style-type: none">2.1. Asinar e entregar o Compromiso de adhesión ao proxecto, ben a través do correo electrónico ou fax.2.2. Enviar a Ficha da empresa para incluír no Monográfico da Ruta antes do vindeiro 8 de Xuño.2.3. Manter a comunicación entre as empresas verdadeiramente implicadas e interesadas no proxecto para intentar articular unha oferta conxunta.



Fase 4: Promoción e comercialización.

4.1. Deseño de accións promocionais das Rutas Agroalimentarias

Tras a definición, o deseño e a inicial posta en marcha das Rutas Agroalimentarias do Eume, A Ulloa e O Ribeiro, concretáronse unha serie de puntos nos que se recomenda poñer especial atención para axudar á comercialización:

- Imaxe corporativa.
- Instrumentos de comunicación.
- Implantación dunha Central de Reservas.
- Creación de paquetes turísticos.

As medidas deseñadas para a mellora da promoción e comercialización do produto concretáronse nunhas fichas de actuación nas que se recolle a descrición da acción, a súa forma de realización, a previsión temporal, os obxectivos a acadar, a prioridade, as entidades e institucións impulsoras e implicadas, o custo estimado e a proposta de financiamento e as vantaxes e inconvenientes da súa implantación. O seguinte cadro resume as actuacións propostas, recollidas dentro do Manual do Produto das Rutas Agroalimentarias:

LIÑAS DE COMERCIALIZACIÓN DAS RUTAS AGROALIMENTARIAS (I)		OBXECTIVO
1	CREACION DA IMAXE CORPORATIVA	<i>Provocar interese entre os consumidores para facilitar a venda do produto turístico Rutas Agroalimentarias</i>
1	Deseño dun logo identificativo da Rede	Transmitir ao público a imaxe da Ruta Agroalimentaria
2	Creación dun lema	Representar a esencia do proxecto
3	Elaboración do Manual de Imaxe Corporativa	Servir de documento normativo para guiar as actuacións en materia de identidade corporativa
2	UTILIZACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE COMUNICACIÓN	<i>Mellorar a promoción e comercialización das Rutas Agroalimentarias</i>
1	Creación da páxina web da Ruta Agroalimentaria	Garantir unha maior información e accesibilidade dos turistas á Ruta Agroalimentaria
2	Publicacións promocionais	Dispoñer dun material gráfico que actúe como sustituto do produto ante un potencial cliente fomentando a venda
3	Comunicación directa co cliente	Mellorar a información e suxestións que os empresarios e entidades ligados ao proxecto realizan sobre a Ruta
4	Relacións Públicas	Crear coñecemento, boa imaxe e unha actitude favorable sobre o produto, lonxe do punto de venda
3	CREACIÓN DUNHA CENTRAL DE RESERVAS	<i>Posibilitar a oferta conxunta dos servizos da Ruta con posibilidade de reserva telefónica e/ou a través de Internet</i>
4	CREACIÓN DE PAQUETES TURÍSTICOS	<i>Potenciar as actuacións de grupo e artellar unha estratexia conxunta para dotar ao produto da competitividade necesaria</i>

LIÑAS DE COMERCIALIZACIÓN DAS RUTAS AGROALIMENTARIAS (II)		OBXECTIVO
5	OUTRAS ESTRATEXIAS	<i>Complementar as accións de comercialización para mellorar a venda do produto turístico</i>
1	Organización de visitas guiadas	Desestacionalizar as visitas dos turistas ofrecendo actividades complementarias en tempada baixa que atraian clientes á zona
2	Realización de Cursos de formación relacionados cos produtos	Atraer turistas á Ruta Agroalimentaria en épocas de menor afluencia do ano
3	Realización dun inventario de servizos turísticos na Ruta Agroalimentaria	Obter información detallada sobre a dotación de servizos turísticos no contorno xeográfico de referencia
4	Cursos de formación para guías turísticos da Ruta Agroalimentaria	Dotar ao persoal encargado das visitas guiadas na Ruta dos coñecementos e habilidades necesarios para o traballo
5	Diagnose da demanda na Ruta Agroalimentaria	Incrementar a satisfacción dos clientes actuais e potenciais adaptando o produto aos seus requerimentos e características
6	Accións de difusión entre a poboación local	Informar e concienciar á poboación da importancia da actividade turística para acadar unha imaxe unitaria de calidade do destino
7	Plan de mellora do sector turístico no territorio da Ruta Agroalimentaria	Coñecer a realidade do sector turístico para determinar as áreas de oportunidade, os aspectos que se deben mellorar e as alternativas que se terían que poñer en marcha para impulsar a actividade turística
8	Mellora da sinalización direccional e informativa da Ruta Agroalimentaria	Facilitar o tránsito e planificación de visitas dos turistas
9	Realización de sorteos-concursos promocionais	Dar a coñecer aos turistas a Ruta e atraer a visitantes e clientes grazas á proba dos produtos e servizos incluídos na promoción
10	Deseño e edición da promoción "Pasaporte da Ruta Agroalimentaria"	Proporcionar incentivos que fomenten a adquisición do produto. Lograr cruces de vendas entre os distintos establecementos da Ruta
11	Asistencia a feiras turísticas e feiras nacionais agroalimentarias	Fomentar o coñecemento das Rutas entre os principais actores do sector e os mercados emisores de turismo en España
12	Realización de Press -Trips	Fomentar o coñecemento das Rutas entre os xornalistas de medios de comunicación internacionais especializados no sector turístico
13	Publicidade en medios de comunicación rexionais	Captar o interese das persoas que poden estar escollendo o seu destino vacacional nas datas de verán
14	Edición e difusión dunha guía da Ruta Agroalimentaria a través dun xornal rexional	Incrementar a información sobre as Rutas entre os turistas presentes e potenciais e demais actores implicados no seu desenvolvemento
15	Promoción entre touroperadores	Fomentar o coñecemento das Rutas entre os touroperadores, para contribuir á ampliación das canles de comercialización
16	Realización dunha campaña de Marketing directo	Publicitar as diversas actividades e promocións desenvolvidas entre os principais clientes para garantir a fidelización ao produto
17	Colocación dun stand promocional/punto de información da Ruta en Santiago, Vigo e A Coruña	Publicitar o produto turístico Ruta Agroalimentaria nos principais cidades receptoras de turistas galegas para garantir o incremento da afluencia de turistas na zona

4.3. Configuración de paquetes turísticos das rutas

Tentouse artellar unha oferta conxunta por parte das empresas adheridas en cada Ruta agroalimentaria, para o cal se realizaron as seguintes accións:

a) Análise da competencia

Buscouse información relativa a paquetes turísticos agroalimentarios ofertados en España coa finalidade de obter unha referencia en canto a prezos, servizos ofertados, organización, etcétera.

b) Deseño de paquetes turísticos

Coa información recompilada sobre as empresas adheridas ou interesadas, realizouse un deseño de posibles paquetes turísticos para cada comarca a través dunhas fichas de traballo estandarizadas, de cara a facilitar o establecemento común das condicións e prezos de cada servizo e dos paquetes en conxunto.

c) Organización de reunións

Organizáronse diferentes reunións en cada unha das tres Comarcas participantes, convocando a todas as empresas e entidades involucradas no proxecto, co fin de fomentar o traballo en común para intentar levar a cabo unha oferta turística conxunta.

Conclusións das reunións de definición de paquetes turísticos:

Na Comarca do Eume e do Ribeiro non foi posible artellar unha oferta turística conxunta, debido á baixa asistencia ás reunións das empresas susceptibles de participar na elaboración dos paquetes. Inda así, na Comarca do Eume, tanto a Asociación de Empresarios Turísticos do Eume como o Taller Agroalimentario do Eume comprometéronse a informar aos seus socios do estado do proxecto, así como a ver a posibilidade de establecer unha reunión para a determinación de prezos e condicións conxuntas para a prestación dos servizos.

Por outra banda, na Comarca do Ribeiro os participantes chegaron ao acordo de manter a comunicación entre as empresas verdadeiramente implicadas e interesadas no proxecto, para intentar articular unha oferta conxunta posteriormente.

Canto á Comarca da Ulloa, definíronse diferentes paquetes turísticos entre as empresas adheridas á Ruta Agroalimentaria, chagando a un acordo entre os asistentes para o establecemento das seguintes condicións e prezos unitarios para os diferentes servizos incluídos:

- Aloxamento en habitación dobre e almorzo en Casa Rural: 15 €/persoa
- Comidas: 15 €/persoa
- Visita guiada a industrias agroalimentarias: 3 €/persoa
- Número mínimo de participantes: 15

No relativo aos paquetes turísticos para grupos, os participantes detectaron que se encarecía debido ao transporte e á necesidade de contratación dunha empresa de guías de turismo de fóra da Comarca. Como consecuencia decidiron pedir persoalmente orzamento a outras empresas de transporte, e amosaron interese en que o servizo de guías fora ofrecido por unha empresa / persoa da Ulloa, polo que acordaron buscar a alguén interesado en realizar ese traballo e axustar o prezo final.